

COMUNICACIÓN DA CIENCIA SEN PALABRAS E USO DAS LINGUAS REXIONAIS PARA A COMUNICACIÓN DO COÑECEMENTO. XI SIMPOSIO INTERNACIONAL DE CERU.

Dra. Ana Viñuela Rodríguez, Dra. Sara Franco Ortega, Dra Alba Fernández Sanlés

23 de xuño de 2024

- **A Sociedade de Investigadores Españois no Reino Unido (SRUK/CERU) organizou o seu XI Simposio Internacional en Newcastle-upon-Tyne (Reino Unido), coa temática no uso de formas de comunicación "Máis Alá das Palabras".**
- **Investigadores coma a Dra. Margarita del Val ou a Dra. Nicola Bermingham, e outros investigadores recoñecidos no Reino Unido e España pola súa labor na divulgación científica, compartiron as súas opinións e experiencias sobre como mellorar a comunicación da investigación e do coñecemento.**
- **No evento houbo unha mesa redonda con expertos no uso e desenvolvemento das linguas rexionais en España e no Reino Unido, que discutiron as vantaxes e dificultades do multilingüismo. Tamén contaron con obradoiros impartidos por consultores relacionados coa comunicación, que axudaron aos asistentes a entender outras formas para explicar a súa investigación sen usar palabras.**

Newcastle-upon-Tyne, 21 de xuño de 2024. A Sociedade de Investigadores Españois no Reino Unido (SRUK/CERU) organizou o seu XI Simposio Internacional esta fin de semana. O evento tivo lugar no Frederick Douglass Building, na **Universidade de Newcastle**, un edificio que leva o nome dun reformista do século XIX que nacera durante a escravitude nos EUA e visitou Newcastle nas súas conferencias coma un dos intelectuais máis famosos do seu tempo. O evento, organizado e presentado pola **Dra. Ana Viñuela** (Universidade de Dundee), contou con aproximadamente 50 asistentes. Despois dos discursos de benvinda de **Irene Echeverría Altuna** (Presidenta de SRUK/CERU) e da **Dra. Stephanie R. Sobek** (xerente de Relacións Internacionais da Universidade de Newcastle), foi o turno de representates de dous patrocinadores do Simposio, **Raimundo Pérez-Hernández y Torra** (Director da Fundación Ramón Areces) e **María José Mariño Fontenla** (Presidenta da Axencia Galega de Innovación). Todos eles destacaron a labor de SRUK/CERU para fomentar e continuar as conexións entre científicos internacionais, especialmente entre España e o Reino Unido. Enfatizouse o traballo que SRUK/CERU fai dentro da Rede de Asociacións de Investigadores Españois no Estranxeiro (RAICEX). As



Society of
Spanish Researchers
in the United Kingdom



dúas redes “aportan experiencia e novas redes de conexións, e comparten as súas culturas únicas”, facendo que cidades como Newcastle (sede deste evento) sexan “comunidades multiculturais e vibrantes” que “axudan a difundir o coñecemento, aumentar o impacto da investigación e resolver os problemas máis urxentes da sociedade”. Tamén destacaron os fructíferos 12 anos de SRUK/CERU e como esta rede contribuíu na ciencia internacional e noutras comunidades de científicos no estranxeiro.

A primeira poñente invitada foi a **Dra. Margarita del Val Latorre** (Consello Superior de Investigacións Científicas), recoñecida viróloga e inmunóloga en España que desempeñou unha destacada labor durante a pandemia de COVID-19 coas súas aportacións na Televisión Nacional Española. Na súa intervención explicou a súa traxectoria nos medios e deu consellos para comunicar conceptos científicos complexos a aqueles que o necesitan durante situacións difíciles como unha pandemia. Algúns aspectos clave inclúen comunicar a ciencia “dando información sobre a peza do crebacabezas que falta” para “destilar e sintetizar aspectos importantes, mantendo o rigor científico, a honestidade e a transparencia”, traballando para “construír confianza e respecto por parte da túa audiencia”, o que levará a unha comunicación bidireccional co público. Destacou que “os cidadáns entenden e valoran a ciencia, pero os investigadores deben manter a comunicación co público e remarcar como os desafíos futuros se beneficiarán da ciencia”.

O sábado, o simposio contou coa **Dra. Sonia Antoranz Contera** (Universidade de Oxford), gañadora do **Premio ao Mérito SRUK/CERU 2024**. A Dra. Antoranz investiga física biolóxica e escribiu varios libros de divulgación científica. Presentou o seu libro “Nano chega á vida”, que trata sobre como a física interactúa cos sistemas vivos. Entre os seus exemplos incluíronse como a pandemia motivou a traslación o mundo “nano” á medicina co desenvolvemento da vacina da COVID-19. Resaltou que “a física trata sobre a realidade e entender o mundo que nos rodea”, e como a física está a volverse máis relevante a medida que “recoñecemos os límites do empirismo e o control; necesitamos ficcións, necesitamos interaccións e outras formas de entender o mundo”. A xornada continuou cunha mesa redonda sobre “Abrazar a Diversidade Lingüística: Linguas Rexionais na Investigación” presidida polo Director do Comité de Política Lingüística de SRUK/CERU, o **Dr. Carlos Soler** (recén nomeado vicepresidente de SRUK/CERU e investigador en Estudos Hispánicos na Universidade de Edimburgo), na que interviron a galega-irlandesa **Dra. Nicola Bermingham** (investigadora en Estudos Hispánicos na Universidade de Liverpool) e o vasco **Dr. Guillermo Roa** (divulgador de “Elhuyar”), “analizando os desafíos dos contextos multilingües”. Destacaron “o importante que é dar voz a linguas maioritarias diferentes do inglés e tamén das minoritarias, porque senón a comunicación terá



Society of
Spanish Researchers
in the United Kingdom



limitacións" no seu alcance e comprensión. Con todo, sinalaron como a ciencia noutras linguas leva procesos que consumen tempo con custos adicionais en tradución e edición. O debate desta mesa redonda foi na mesma liña que algunhas iniciativas de SRUK/CERU durante o ano académico 2023-2024. Por exemplo, crearon un Comité de Política Lingüística e o Comité Executivo utilizou o galego e as outras linguas de España para responder aos obxetivos da rede, especialmente no campo da divulgación (incluíndo a celebración do Día das Letras galegas nunha campaña divulgativa en redes sociais), e para establecer novas colaboracións estratéxicas. Para rematar a xornada do sábado, celebrouse un obradoiro sobre "Ilustración en Ciencia", a cargo da **Dra. Miriam Rivera** (divulgadora especializada en comics detrás de "Biomiiics") e da **Dra. Lydia Wysocki** (Universidade de Newcastle), nos que se destacou o impacto que poden ter as ilustracións para comunicar ciencia. Os asistentes puideron explorar o uso de cómics para traducir logros científicos complexos utilizando metáforas visuais.

O domingo, a **Dra. Sarah McLusky** ofreceu un obradoiro sobre comunicar sen empregar a linguaxe, onde destacou o difícil que é explicar ben algúns conceptos a unha audiencia ampla, reto no que alternativas ás palabras escritas ou orais coma a danza, o cine, música, a arte, a escultura, ou a arquitectura poden axudar a facelo por transmitir emoción. "Se queres que á xente lle importe (a túa investigación científica), primeiro tes que facerlles sentir (emocións)". Os asistentes recibiron consellos adicionais sobre como colaborar con artistas para comunicar a súa investigación a outras persoas. Tamén houbo tempo para a intervención de membros de SRUK/CERU para comunicar a súa investigación con presentacións orais e en formato póster, ilustrando a variedade de disciplinas científicas nas que investigan os membros de SRUK/CERU.

O simposio tamén contou coa entrega de premios de varias iniciativas anuais de SRUK/CERU, entre eles o concurso de fotografía En Foco organizado polo Departamento de Divulgación (dirixido pola investigadora galega Dra. Alba Fernández Sanlés) . Os gañadores foron o **Dr. Andrés García Sampedro** (Premio de Membros e Amigos de SRUK/CERU) por "O microcosmos do tumor antiinflamatorio", a **Dra. Marta Domínguez Prieto** (Premio na Categoría de Orixinalidade) por "Beleza inesperada" e o **Dr. Álvaro Castaño** (Premios nas categorías de Comunicación da Ciencia e de Técnica da Fotografía) por "Percepción intestinal".

En resumo, o XI Simposio Internacional serviu coma unha plataforma na que discutir o rol das linguas rexionais na comunicación da ciencia e o coñecemento e doutras formas de comunicar a ciencia "Máis Alá das Palabras", coma a ilustración e a arte, que poden ser moi efectivas para transmitir unha mensaxe científica, chegando a unha audiencia máis ampla e así aumentando o impacto da propia investigación.

Contacto

Dra. Ana Viñuela Rodríguez

Presidenta do XI Simposio SRUK/CERU

Correo electrónico: symposium@sruk.org.uk

Sobre SRUK/CERU

A Sociedade de Investigadores Españois no Reino Unido (SRUK/CERU) integra arredor de 300 membros que traballan nunha ampla gama de disciplinas, en diferentes estádios carreira (desde estudantes ata catedráticos) e tanto no sector público coma no privado. Estableceuse oficialmente en 2012 para facilitar a comunicación entre a comunidade de investigadores españois que traballan no Reino Unido, mellorar as relacións internacionais entre os dous países e fomentar a cultura científica entre as súas xentes. Desde que comezou, organizou máis de 300 actividades, co apoio da Fundación Ramón Areces, a Fundación Banco Santander, a Embaixada de España no Reino Unido, a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) e a Fundación Lilly. En 2016, SRUK/CERU recibiu o Premio á Innovación do Foro de Empresas Innovadoras (FEI) na categoría de "Axencia de apoio á innovación".